

Galicia Design Weekend

O Galicia Design Weekend chega á Coruña o 30 e 31 de xullo para mostrar o mellor do deseño galego xunto con referentes internacionais

- **O festival de deseño pioneiro en Galicia vén de lanzar a súa web www.gdw.gal e unha app que poderá descargarse nos próximos días**
- **A cidade gozará de dous días de conferencias, charlas e proxeccións, que precisan inscrición previa, e as exposicións permanecerán ata o 29 de agosto na Fundación Barrié e nos Cantóns**

A Coruña, xoves 22 xullo 2021

O Galicia Design Weekend, **festival de deseño** pioneiro na comunidade, chega á Coruña o venres 30 e o sábado 31 de xullo cun **formato híbrido, presencial e online**, que reunirá o mellor do deseño galego xunto con referentes internacionais. #GDW21 vén de lanzar a súa **web www.gdw.gal** con toda a información sobre o evento e unha **app propia** que terá contidos durante todo o ano e servirá como plataforma de relación da comunidade GDW: público, colectivo creativo, institucións, patrocinadores, socias e organización. A app estará dispoñible nos próximos días nas principais plataformas.

O público poderá gozar do Galicia Design Weekend de forma gratuíta en catro eixos diferenciados: o **Pro**, con dous días de conferencias, charlas e proxeccións; o **Showcase**, que inclúe dúas exposicións dedicadas ao deseño; o **Showroom**, un escaparate dixital de creacións e espazos de deseño galegos, e o **Creative Camp**, cun portfolio review dixital dirixido a estudantes e xente moza profesional do sector.

O **Pro** do Galicia Design Weekend terá lugar na **Fundación Barrié os días 30 e 31 de xullo de 10:00 a 20:00 horas** e acollerá dous días enteiros de **conferencias e charlas** con profesionais de referencia do deseño en Galicia e a nivel internacional que poderán seguirse de forma presencial ou online. Tamén incluírá a **proxección de documentais** de deseño seleccionados pola Asociación Galega de Deseño (DAG) os dous días de 16:00 a 17:15 horas. **Para poder asistir é necesario obter a entrada gratuíta na plataforma www.dice.fm.**

No **Showcase** haberá dúas exposicións dedicadas ao deseño que estarán desde o 30 de xullo e ata o 29 de agosto en diferentes espazos da cidade. A Fundación Barrié acollerá a expo **#omellordeseñoadoano**, cos traballos e traxectorias galegas premiadas en diferentes certames de prestixio internacional. Por outra banda, os Cantóns serán o escenario na rúa da exposición **#novodeseñogalego**, cunha mostra do mellor talento emerxente da comunidade.

O **Showroom** será un escaparate dixital de creación e espazos de deseño galegos na web do festival.

E por último, no **Creative Camp** estudantes e mozas e mozos profesionais do deseño poderán amosar o seu traballo a profesionais do sector nun **portfolio review online**, para o que deberán contactar co festival enviando un correo a gdw@follow.gal.

Cara a Galicia Design Week 2022 coa sostibilidade por bandeira

Este Galicia Design Weekend, cun **formato reducido de fin de semana, marca o camiño cara ao primeiro gran festival do deseño de Galicia, o Galicia Design Week, que terá lugar en xuño de 2022** e que se incluírá no circuito de citas internacionais de cidades como Barcelona, Londres, Nova York ou México.

O **#GDW21** ten como obxectivos principais **achegar o deseño ao gran público, fomentar a conexión e intercambio creativo de A Coruña e Galicia co exterior, impulsar o tecido profesional e o patrimonio cultural galego e formar a novas xeracións**. Ademais, conta cun **completo programa de desenvolvemento sostible nos eidos ambiental e social**. Así, a pegada de carbono do festival será comunicada e compensada coa compra de dereitos de emisión de CO2 a proxectos galegos sostibles, e toda a infraestrutura e materias son reciclados ou libres de PVC. O evento ten tamén un plan específico para minimizar o impacto ambiental e ten en conta a inclusión e a perspectiva de xénero en todas as súas accións.

O festival conta cun **consello asesor** formado por profesionais de referencia de Galicia e está **organizado** pola axencia [Follow](#) e o [Clúster da Comunicación de Galicia](#), coa [Asociación Galega de Deseño \(DAG\)](#) como **socia**. As institucións **patrocinadoras** son a [Xunta de Galicia](#), a través do [Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021-2022](#) e da colaboración da [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#), o [Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña](#) e a [Deputación da Coruña](#). Tamén **colaboran** co festival a [Fundación Barrié](#), a [Fundación Luis Seoane](#), a [Fundación DIDAC](#), [Studio Follow](#), o [FAD](#), [DICE](#), [Verde e Miraveo](#).